



“Só a palabra vale
(...) Só a palabra
permanece” (Manuel María)

Volume 3, nº 1


Nadal de 2006

Boletín da Biblioteca Inverno 2006

Un trimestre de medo

Durante o primeiro trimestre, a actividade da biblioteca xirou en torno ao tema do medo. O obxectivo da campaña era coñecer que cousas nos daban medo, por que, e como podíamos vencelo. **Coñecer, aprender, informarse, poden ser palabras clave para rematar cos nosos medos.** Neste boletín explicamos o que fixemos neste trimestre para pasalo de medo:

- Presentación da biblioteca e da campaña.
- Contacontos na biblioteca: o agasallo dos pesadelos.
- Convocatoria ás familias: elaboramos un libro
- Enquisa sobre o medo: os nenos e as familias.
- Na biblioteca investigamos.
- Exposición: *Abecedario do medo.*



O traballo de 5º



Xa antes de que soubésemos o que ía suceder na biblioteca, o alumnado de 5º púxose mans á obra para preparar a inauguración da biblioteca cos máis pequenos do cole. O conto que se lles ofreceu chamábase “Un pesadelo no meu armario”, e todos querían que se levasen un bo re-

cordo. Así que Isabel, a súa titora, ensinoulles a elaborar os “pesadelos” cos que poderían adornar os dormitorios.

Ao principio non foi sinxelo,



pero despois de moitas horas de traballo, o resultado foi espectacular. O máis importante de todo foi que

os maiores ofreceron xenerosamente o seu traballo aos seus compañeiros menores.

Tedes un exemplo do traballo feito nestas fotografías.



Contido:

Un trimestre de 1
medo

O traballo de 5º 1

Os pequenos 2
tamen investigan

O Samaín 2

A colaboración 2
das familias

A formación do 3
profesorado

A “Guía de Lec- 3
tura” e o
“Abecedario do
medo”

As enquisas 3

Comunícate! 4

- Durante o outono falamos do medo.
- Os alumnos de 5º agasallaron aos compañeiros máis pequenos.
- Celebramos o Samaín
- O alumnado investiga na biblioteca.
- As familias escriben.

Os pequenos tamén investigan



Cando se abriu a biblioteca, os alumnos de infantil recibiron dous agasallos: un conto de medo ("Un pesadelo no meu armario"), e un pesadelo de cores.

Os pequenos tamén acudiron á biblioteca a buscar información. Como estaban investigando sobre os cogumelos, "mergullaron" nos libros e atoparon preciosas fotografías, información e valiosos datos. Logo elaboraron un libriño, e fixeron tamén un cestiño cheo de cogumelos de plastilina para agasallar aos da casa.

Como lles gusta tanto investigar, tamén se informaron sobre as arañas, e ou-

tros animais. Saben representalos moi ben nos seus debuxos, e aprenderon que non hai que terlles medo, porque todos forman parte da Natureza, e desempeñan unha función dentro dela.



• Samaín



E xa que estabamos a falar do medo, decidimos celebrar por todo o alto o Samaín.

Vestimos o cole de laranxa con cabazas e luces para celebrar a chegada do outono, e celebramos un concurso para premiar as mellores cabazas.

Según a tradición, na noite do 31 de outubro a liña que separa o mundo dos vivos do mundo dos mortos é máis fina que nunca. Por iso existe o costume de disfrazar-

se de difuntos, esqueletos, fantasmas e bruxas.

Aprendemos que o Samaín é unha festa de orixe celta, e que os británicos levárona a América cando se estableceron alí hai dous séculos. Por iso agora é tan famosa a festa de Halloween: é unha festa de ida e volta. Os europeos levámola a América, e agora eles devólvena corrixida e ampliada.

A colaboración das familias


Para realizar as actividades da campaña "Pasámolo de medo" foi imprescindible a colaboración das familias. Enviamos a todas elas a historia "Un anaco de pan", pedindo a cambio historias tradicionais da zona.

A proposta das historias de medo foi acollida espectacularmente, e recibimos lendas e contos orixinarios de Mu-xía e doutras localidades de orixe do alumnado. Con todas elas estamos elaborando un libriño que agardamos publicar próximamente. Cando o teñades nas

vosas mans, veredes que as historias de tradición oral son de unha riqueza realmente singular, están ben construídas e teñen un atractivo moi particular.

Ademáis, o máis importante é que forman parte da nosa cultura popular, e para a biblioteca é un agasallo e unha gran honra darlles publicidade.

Moitas grazas a todas as familias pola súa participación.



Seica as historias de medo son como as cebolas: tiras de unha e sae unha ristra delas. Imos probar sorte e agardar polas historias de medo que vos contaron cando erades pequenos. Grazas pola vosa colaboración.

A formación do profesorado

Tamén o profesorado aprendeu moito este trimestre. Cando comezamos a campaña recibimos todos unha carpeta coa documentación esencial para empezar a traballar, e un breve informe sobre a festa do Samaín e a súa transcendencia na actualidade. Todos dispuxemos de acceso ás fichas no ordenador da sala de mestras, e puidemos

traballar co alumnado nos proxectos que nos apetecese.

A colaboración do profesorado é IMPRESCINDIBLE no deseño de calquera actividade. O traballo desde a biblioteca é imposible de realizar se o profesorado non participa activamente nel. O proceso de cambio que se quere impulsar co Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares non podería realizarse sen a actividade ilusionante das mestras e os mestres do centro.

Por todo isto, a Comisión de Biblioteca


quere agradecer moi especialmente o interese amosado por toda a plantilla docente do Centro. No voso traballo está a chave da Mellora.



A “Guía de lectura” e o “Abecedario do medo”

Entre o alumnado repartíronse recomendacións a través da Guía de Lectura. Contínha unha relación de títulos para todas as idades que temos na nosa biblioteca, e que podemos recomendar tamén para adquirir nas familias.

No corredor da biblioteca quedou exoosto o ABECEDARIO DO MEDO. É unha colección de fichas na que se explican mitos e lendas tradicionais. Cada ficha comeza por unha letra do abecedario, e así poidemos saber máis acerca do Sacaúntos, da Orca Vella, ou da Estadea. Algunhas fichas tiñan ilustracións, e



tras deixaban actuar libremente á imaxinación, que nisto do medo ten un papel moi importante. Cando se recollan estas fichas, quedarán en forma de libro na biblioteca. As fichas do abecedario do medo proceden do libro *Diccionario dos Seres Mitolóxicos Galegos*, publicado por Edicións

Xerais.

As enquisas

As familias tamén reflexionaron acerca dos seus medos, e dos medos dos fillos. A biblioteca enviou unha enquisa a todas as casas, pedindo a súa colaboración para contestar a tres sinxelas preguntas:

- A que cren vostedes que teñen medo os seus fillos?
- A que tiñan medo vostedes cando eran pequenos?

- A que teñen medo, ou que lles preocupa a vostedes na actualidade?

O resultado das enquisas amosa que os principais medos dos nenos (antes e agora) se orientan a certos animais (arañas, serpes, ...) ou á escuridade. Sen embargo, os nenos de antes tiñan moito medo dalgúns maiores, ou mesmo da Garda Civil. A principal preocupación

dos pais na actualidade son as drogas, a delincuencia, e en xeral o futuro dos seus fillos. A cuestión da violencia preocupa especialmente ás familias actuais, e desde a escola compartimos a súa inquedanza, e pretendemos co noso traballo minguar no posible a repercusión da mesma entre o noso alumnado.

**“Só a palabra vale (...)
Só a palabra permanece” (Manuel María)**



Biblioteca Escolar
C.E.I.P. “Os Muíños”
Os Muíños s/n
15125 Muxía (A Coruña)

Teléfono: 981—750—655
Fax: 981—750—744
Correo:
ceip.osmuinhos@edu.xunta.es

Estamos na web! :

**[http://
centros.edu.xunta.es/
ceipdosmuinhos](http://centros.edu.xunta.es/ceipdosmuinhos)**

A Biblioteca Escolar do C.E.I.P. “Os Muíños” desenvolve as súas actividades desde a creación do centro no 1983. Desde o ano 2003 ven realizando actividades específicas de animación á lectura e formación de usuarios.

No curso 2005/2006 foi integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares impulsado pola Consellería de Educación.

Conta con máis de 7.000 exemplares que están a disposición de toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente,...). Pódense levar prestados co carné da biblioteca.

A Curuxa Catuxa é a mascota da Biblioteca. Ela pon orde (ou desorde) nos libros, viaxa, investiga, e abre ben os ollos para aprender.



C.E.I.P. “Os Muíños”

Fai ver que existes... comunícate!

Este espazo do boletín ofrécese a calquera que queira participar (familias, alumnado, persoal do cole,...) con un artigo referente á lectura, a escritura ou á biblioteca en xeral. Para que o teu artigo apareza podes usar tres vías:

- Entregarllo a un profesor do centro.
- Entregarllo a calquera profesor da Comisión de Biblioteca.
- Enviar un correo desde a páxina web do cole. Hai que entrar

en CONTACTO, e logo clicar no correo ceip.osmuinhos@edu.xunta.es.

Procuraremos, sempre que o espazo o permita, incluír o voso artigo nun dos dous boletíns que se editen cada trimestre.

Podes falar do teu libro favorito, de algún feito relacionado coa biblioteca que lembres especialmente,...

Para inauguralo, bastará con que citeamos unha frase de Daniel Pennac. Está



extraída do seu libro “Como unha novela”, lectura que recomendamos a quen lle apeteza profundizar no pracer da ler. A frase dí así:

“O verbo ler non soporta o imperativo, aversión que comparte con outros verbos: o verbo “amar”, o verbo “soñar”,...